



MEMORIA XUSTIFICATIVA

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO E O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO NA REALIZACIÓN DE TRABALLOS RELACIONADOS COA CARTOGRAFÍA VINCULADA AO PLANEAMENTO URBANÍSTICO E COA ANALÍTICA EN SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA

1.- COMPETENCIA

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (no sucesivo CMATV) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), dependente da CMATV, de acordo co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e co establecido no Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten, entre outras, as seguintes competencias:

- O fomento da formación e da investigación, e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, ordenación do territorio e litoral.
- O fomento, seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios e o requirimento de anulación de actos de aprobación de instrumentos de plan e xestión urbanística.
- O fomento da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do plan territorial e urbanístico.





- O apoio e asesoramento necesario á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.
- A elaboración de proxectos e anteprojectos de disposicións normativas en materia de urbanismo, ordenación do territorio e litoral.
- A coordinación dos servizos territoriais de urbanismo.
- O apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, ambas derogadas pola Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia; e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro e, recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio, e en particular, o impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados.
- Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, co fin de implementar as políticas de paisaxe na planificación urbanística e territorial.





- A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural, o que inclúe, en particular:
- A coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma, así como o apoio técnico á difusión e formación de actuacións en materia de información xeográfica desenvolvidas pola Xunta de Galicia ou en coordinación con ela.
- Xestionar os sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e espaciais existentes na consellería e no resto dos órganos da Administración xeral e entidades do sector público autonómico de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de datos espaciais de Galicia (IDEG).
- Incentivar a innovación, a adopción e o desenvolvemento de tecnoloxías e infraestruturas propias no campo de información xeográfica do territorio galego. Así mesmo, abordarase a planificación e o desenvolvemento de servizos de valor engadido.

2.- ANTECEDENTES

Entre as competencias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, órgano superior das partes asinantes do acordo, están as seguintes relacionadas co contido do presente acordo:





1. Promover a actualización do Plan Básico Autonómico, en diante PBA, de conformidade co artigo 90.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

Para tal efecto, de acordo co Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico, a cartografía do mesmo deberá ser obxecto de oportuna actualización mediante a publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia con indicación dos cambios operados e cunha periodicidade mínima anual, en atención á natureza de documento dinámico da que participa o PBA.

2. Formular e aprobar os Plans Básicos Municipais, de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e, no artigo 156 do seu regulamento.

Nos artigos do 153, 154 e 155 do RLSG precísase a necesidade de dispoñer de cartografía a escalas 1:5.000 e 1:2.000 para a definición dos Plans Básicos Municipais.

3. O Sistema de información de ordenación territorial e urbanística de Galicia, en diante SIOTUGA, é a ferramenta de consulta e coñecemento dos distintos planes urbanísticos e territoriais que operan no territorio.

3.- FINALIDADE

Para dar continuidade a este servizo, o IET estase a encargar dos traballos de mantemento dos contidos da actual páxina web de planeamento, incorporando os instrumentos de ordenación do territorio e planes urbanísticos que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo remite ao IET unha vez que estes resultan aprobados definitivamente polo órgano competente e inscritos no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

Estas obrigas resultan moi esixentes en materia de información cartográfica e xestión de información territorial. Asemade, o traballo coa información derivada de voos fotogramétricos do territorio a obter coas licitacións en curso, permitirá posteriormente,





xerar bases que sirvan para o estudo da ocupación do solo, a análise do modelo de asentamento poboacional, incorporar e actualizar información relativa aos equipamentos e dotacións dos concellos afectados e, servir de apoio para a delimitación da clasificación e categorización propia do planeamento urbanístico.

De todo o anterior, dedúcese a necesidade de que a DXOTU conte co apoio do coñecemento específico dos técnicos do IET, así como a formación dos seus propios técnicos en materia de sistemas de información xeográfica.

4.- OBXECTO

Este acordo de cooperación ten por obxecto establecer as pautas de colaboración entre a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o Instituto de Estudos do Territorio, no marco dos traballos competencia da primeira, que demandan os coñecementos e experiencia contrastados do segundo, nos contornos de cartografía e analítica en sistemas de información xeográfica (SIX). Fundamentalmente, no relativo á actualización dinámica do Plan Básico Autonómico e ao control, validación e seguimento da cartografía contratada pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a formulación dos Plans Básicos Municipais, así como, no relativo á ao mantemento, actualización e mellora do visor do Sistema de información de ordenación do territorio e urbanismo (SIOTUGA).

5.- OBRIGAS ECONÓMICAS

O presente acordo non comporta a asuncións de compromisos económicos por ningunha das partes asinantes.





Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura. María Encarnación Rivas Diaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

